



## BOLETÍN FEBREIRO 2023

### APE GALICIA – NOVAS

- ✓ APE GALICIA FIRMA CONVENIO DE COLABORACIÓN CON EXECUTIVAS DE GALICIA

### INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

- ✓ CONVOCADAS SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DO EMPRENDAMENTO EN ECONOMÍA SOCIAL – PROGRAMA APROL ECONOMÍA SOCIAL
- ✓ CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS DE IGUALDADE LABORAL, CONCILIACIÓN E ESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL (RSE)

## APE GALICIA - NOVAS

### ❖ APE GALICIA FIRMA CONVENIO DE COLABORACIÓN CON EXECUTIVAS DE GALICIA

O Presidente de APE Galicia, D. José Ramón Caldas, e a Presidenta de Executivas de Galicia, Dna. Carla Rey, asinaon convenio de colaboración na Sede de APE Galicia en Pontevedra.



Coa firma deste convenio, APE e a Asociación de Executivas de Galicia comprométense a traballar conxuntamente e desta forma dar visibilidade ao papel das mulleres empresarias e directivas, ademais de servir para xuntar forzas e coñecementos e seguir traballando para promover a igualdade de xénero nas empresas, a conciliación e o apoio á muller na incorporación ó mercado laboral.

## INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

### ❖ SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPRENDAMENTO EN ECONOMÍA SOCIAL – PROGRAMA APROL ECONOMÍA SOCIAL

No Diario Oficial de Galicia do 10 de febreiro convócanse as subvencións para o fomento do emprendemento en economía social.

Coa finalidade de fomentar a incorporación de persoas desempregadas e traballadoras temporais a cooperativas e sociedades laborais a través de 2 programas de axudas:

- PROGRAMA 1: Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais

-PROGRAMA 2: Fomento do acceso á condición de persoa socia

Poden beneficiarse destas axudas:

Programa 1: Cooperativas e sociedades laborais

Programa 2: Persoas desempregadas, socias ou traballadoras de cooperativas ou sociedades laborais ou doutras empresas que se tranfomen nestas.

O prazo de presentación de solicitudes está aberto ata o 15 de setembro de 2023.

A contía das subvención pode acadar os 6.000€.

❖ **CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS DE IGUALDADE LABORAL, CONCILIACIÓN E RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL (RSE)**

O 10 de febreiro no DOG publícanse as axudas e incentivos a pemes, a persoas traballadoras autónomas con persoas traballadoras a cargo e para implantar a igualdade laboral, a través de 3 liñas de axuda

**Liña I.** Elaboración e Implantación de plans de igualdade (TR357C): MIN.10 Persoas traballadoras e max. 49.

**Liña II.** Conciliación da vida laboral, familiar e persoal (TR357D)

**Liña III.** Certificacións da RSE (TR357B)

Serán beneficiarias das mesmas as Pemes, micropemes e traballadores autónomos con traballadores por conta allea e domicilio social e centro de traballo en Galicia, calquera que sexa a súa forma xurídica e estean constituídas no momento de presentar a solicitude. Para as liñas II e III, tamén empresas con centros de traballos en Galicia.


Deberán ter o mínimo de traballadores indicados anteriormente por cada tipo de liña.

Para todas as liñas será necesario que as entidades solicitantes teñan unha taxa de estabilidade  $\geq 50$  % desde o 01/01/2023 e durante todo o período de execución das axudas. Para o cálculo deste % só terase en conta as traballadoras con contratos indefinidos a tempo completo.

Non se outorgarán axudas a empresas ou grupos empresariais que xa fosen beneficiarios destas axudas, polas mesmas liñas ou sublíneas, en anos anteriores.

Tampouco serán beneficiarias as entidades públicas. Non poderán ser beneficiarias das axudas do suposto d) da liña I (contratación) aquelas empresas de consultoría ou asesoría que teñan entre as súas actividades o asesoramento na elaboración e implantación de plans de igualdade ou a formación en igualdade.

O prazo de presentación está aberto desde o 11 de febreiro ata o 10 de marzo.



Para mais información, visita as nosas webs:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



[https://www.instagram.com/ape\\_galicia/](https://www.instagram.com/ape_galicia/)

# APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

[info@apegalicia.es](mailto:info@apegalicia.es)

Dirección: Gajos de  
Mendoza Nº2, Bajo 2 -  
36001 Pontevedra

